

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN ANTONIO NOCHE, PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE INCORPORACIÓN SOCIAL A PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS PROGRAMA ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Antonio Noche, formalizaron o 21/02/24 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a súa sinatura até o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o desenvolvemento, por parte da Asociación Antonio Noche de programas de incorporación social de persoas con trastornos adictivos, sendo a devandita entidade a responsable técnica e administrativa de xestión dos programas conveniados.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Segundo o Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a través da Subdirección Xeral de Atención Primaria, é a responsable de desenvolver as actuacións sanitarias en relación coa saúde mental nos centros sanitarios, así como a rede de centros de drogodependencias, e de impulsar a cooperación e coordinación cos órganos ou unidades da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia competentes en materia de servizos sociais de cara a fomentar o desenvolvemento e a integración das prestacións sociosanitarias.

A asociación Antonio Noche é unha entidade privada sen ánimo de lucro que desenvolve programas de incorporación social de persoas con problemas de drogodependencia prioritariamente nos ámbitos social, xurídico e laboral, de xeito coordinado coa asistencia sanitaria prestada nos centros de drogodependencias, como parte do tratamento rehabilitador integral.

Dada a especificidade técnica que requiren os devanditos programas de carácter sociosanitario e incorporación social, así como as actuacións que desenvolve a entidade no relativo á programación, coordinación, execución e avaliación das distintas accións e a prioridade de darlle continuidade aos programas que se desenvolven a través da rede de incorporación social do Plan de Galicia sobre Drogas obxecto do convenio, non é posible

promover concorrência pública, de conformidade co previsto nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A xerente do Servizo Galego de Saúde

Maria Estrella Lopez-Pardo Pardo.

